



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CONCURSO DE MONÓLOGOS 2011

CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, DEPORTES
E XUVENTUDE

PROGRAMA DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS DO CONCELLO DA CORUÑA

CONCURSO DE MONÓLOGOS 2011

Unha forma diferente
de xogar coas palabras

➤ DÍA, HORA E LUGAR:

O 21 de decembro, ás 18.00 h
no Teatro Rosalía de Castro

➤ PRAZO DE SOLICITUDE:

do 28/10/2011 ao 18/11/2011

➤ PRESENTADO POR:

CARLOS BLANCO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, DEPORTES
E XUVENTUDE

➤ **Dirixido a:**

O alumnado dos IES e dos CIFP públicos, así como dos centros concertados e privados do concello da Coruña.

➤ **Obxectivos:**

- Potenciar a comprensión e a expresión oral en lingua galega.
- Potenciar a creatividade e a espontaneidade na expresión oral do alumnado.

➤ **Descrición da actividade:**

O monólogo vai consistir nun discurso dun máximo de 5 minutos en lingua galega que deberá tratar o tema determinado para cada categoría.

Os monólogos deberán ser “falados”, non lidos. O feito de ler algo será causa de descalificación inmediata.

O alumnado poderá participar individualmente ou por grupo. Os grupos poderán contar cun máximo de cinco participantes.

➤ **Temática:**

Os monólogos deberán versar sobre os seguintes temas:

- Categoría de 1.º ciclo da ESO: **Meus país e eu**
- Categoría de 2.º ciclo da ESO: **Mamá, papá, que eu non bebo...!!**
- Categoría de bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior: **...O que me pasou coas redes sociais!**

Premios:

➤ Por cada categoría, outorgaranse un primeiro e un segundo premio:

1.ª categoría (1.º ciclo da ESO):

- 1.º premio: un netbook
- 2.º premio: uns cascos grandes

2.ª categoría (2.º ciclo da ESO):

- 1.º premio: unha tablet
- 2.º premio: unha microcadena

3.ª categoría (bacharelato e ciclos formativos):

- 1.º premio: un ordenador portátil
- 2.º premio: un iPod

Contacto:

- **Unidade Coordinadora:** Servizo Municipal de Educación
- ⇒ **Persoa coordinadora:** Nuria Seoane (técnica de normalización lingüística)
- ⇒ **Enderezo electrónico:** n.seoane@coruna.es
- ⇒ **Teléfonos:** 981 184 396 ou 981 184 200, ext. 12034
- ⇒ **Fax:** 981 184 397

⇒ **Solicitudes:**

- Prazo: 28/10/2011 ao 18/11/2011
- En liña, a través da web educativa do Concello da Coruña: <http://www.edu.coruna.es>
- Os monólogos deberán remitirse por correo electrónico a n.seoane@coruna.es e deberán incluír os seguintes datos: nome e apelidos do/s autor/es, DNI de cada un deles, idade, enderezo postal, teléfono e correo electrónico. O prazo para envialos finalizará o 15 de decembro de 2011.
- Os monólogos pasarán a ser propiedade do Concello da Coruña e poderán utilizarse en campañas realizadas desde o concello.

⇒ **Prazas:** Cada centro docente poderá inscribir, como máximo, seis persoas ou seis grupos de persoas (o centro terá liberdade para distribuír esas 6 persoas /grupos nas categorías en que quixer).

⇒ **Data:** 21 de decembro de 2011

⇒ **Lugar de realización:** Teatro Rosalía de Castro

⇒ **Hora:** ás 18.00 h

⇒ **Presentado por:** Carlos Blanco

⇒ **Propostas de mellora:** calquera proposta de mellora ou suxestión sobre esta actividade, pode dirixirse a nós a través do correo n.seoane@coruna.es

➤ **Xurado:**

O xurado do concurso estará composto por tres membros:

- unha persoa do ámbito das artes escénicas
- unha persoa de Filoloxía Galega
- unha persoa en representación do Concello.

O xurado emitirá o veredicto o mesmo día da realización do concurso. O dito veredicto será inapelable.

➤ **Criterios que valorará o xurado:**

O xurado considerará os seguintes criterios:

- Orixinalidade do monólogo.
- Calidade lingüística e corrección e fluidez.
- O monólogo non deberá conter linguaxe sexista, linguaxe racista nin palabras malsoantes e deberá respectar a dignidade da persoas.
- A dramatización.
- Non exceder os 5 minutos establecidos como tempo límite. Se for así, valorárase negativamente.